



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES DE ALLARIZ

Rúa Emilia Pardo Bazán, 33, Allariz, Galicia
988 788 001 - 988 788 005
ies.allariz@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesallariz

DEREITO A INASISTENCIA AO CENTRO POR CONVOCATORIA DE FOLGA DE ESTUDANTES

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4-5-2006) na súa Disposición derradeira primeira, Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE), engade o seguinte parágrafo ao artigo 8 da LODE: "*co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán as condicións nas que o seu alumnado pode exercer este dereito. as decisións colectivas que adopten o alumnado, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio de dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro*".

O alumnado non ten dereito á folga, reservado aos traballadores, senón unicamente dereito de reunión. O alumnado, **a partir do terceiro curso da ESO**, poderá adoptar decisións colectivas de inasistencia a clase informando previamente á dirección. A decisión desa inasistencia é do alumnado, e non dos seus pais, nais ou titores/as legais.

Queremos informalos de que a Xunta de Delegados e Delegadas do IES de Allariz reuniuse o día 7 de novembro de 2018 votando por unanimidade a inasistencia ao centro o día 14 de novembro debido á folga convocada polo Sindicato de Estudantes. Polo tanto, o día 14 de novembro o alumnado poderá quedar baixo a garda e custodia dos seus pais, nais ou titores/as legais ou acudir ao centro educativo, sendo unha decisión individual do alumnado, pero tendo en conta que, de presentarse no centro, non poderá abandonar o recinto escolar. **Porén, o alumnado non poderá ser obrigado a entrar no centro aínda que viñera no transporte escolar.**

En relación á inasistencia ao centro, este comunicará tódalas ausencias do alumnado menor de idade ás familias.